

COMUNICADO 2

ACLARACIÓN VIÑETA 52 ROAD BOOK | REDUCTORES VELOCIDADE

A Escudería Cuntis V.T. informa que, co obxectivo de incrementar a seguridade no desenvolvemento do RallyMix de Cuntis, implementarase a colocación de rolos de herba seca que funcionarán como **reductores de velocidade** no km 11,350 (**viñeta 52 do road book**), de xeito que se limite a posibilidade de acadar velocidades excesivas neste punto do percorrido.

Esta decisión responde ao noso firme compromiso coa seguridade de pilotos, equipos, organización e público asistente, priorizando sempre que a proba se desenvolva baixo as mellores condicións posibles.

É importante salientar que estes rolos NON constitúen unha chicane nin forman parte dunha manobra destinada a penalizar aos participantes. A súa única finalidade é a de reforzar a seguridade no tramo, polo que solicitamos expresamente que sexan respectados e non resulten golpeados ou desprazados, xa que o seu correcto estado é esencial para o bo desenvolvemento da proba.

